

PARECE QUE OS PROBLEMAS, SÓ SON PROBLEMAS, CANDO @S [AFECTAD@S](#) VIVEN NAS CIDADES.

FAI TEMPO, QUE A XENTE DO RURAL, VIMOS DENUNCIANDO OS PROBLEMAS QUE TIÑAMOS CA SUPERPOBOACIÓN DO XABARIL E CO ACHEGAMENTO DOS LOBOS A LUGARES NUNCA SOSPEITADOS.

SON VARIAS AS REUNIÓN MANTIDAS COS DIFERENTES RESPONSABLES DA ADMINISTRACIÓN, CON TECORES, MOITAS AS DENUNCIAS POSTAS POLOS DANOS OCASIONADOS POR ESTE TIPO DE ANIMAIS, NOITES EN VELA VIXIANDO QUE NON ENTRARAN NAS NOSAS FINCAS E LEVANTARAN CAS COLLEITAS.

A PESAR DOS NOSOS ESFORZOS PARA QUE SE NOS ESCOITASE, PARECE SER QUE AS VERBAS DA XENTE DO RURAL NON VALEN, CAN EN VALDE.

CAL É A NOSA SORPRESA QUE A ESTES ANIMALIÑOS, QUE NUN PRINCIPIO ATA VOS PODEN RESULTAR GRACIOSOS, DALLES POR “APATRULLAR” A CIDADE DE LUGO.

ENTÓN O TEMA CAMBIA, A ADMINISTRACIÓN PON A FUNCIONAR A MAQUINARIA E XA HAI REUNIÓN NAS ALTAS ESFERAS PARA AFRONTAR O QUE AGORA PARECE SER UN PROBLEMA.

¿É NECESARIO QUE OS XABARÍNS CHEGARAN A PISAR O ASFALTO DAS CIDADES PARA QUE OS DISTINTOS ORGANISMOS COMPETENTES SE ANTICIPARAN Ó QUE HOXE XA É UN GRAVE PROBLEMA?.

CONSELLERIA DO MEDIO RURAL, MEDIOAMBIENTE ¿NON RESULTA CONTRADICTORIO AS MEDIDAS DE CONTROL QUE APLICADES NO NOSO GANDO PARA ERRADICAR ENFERMIDADES MENTRAS ESTES ANIMAIS, SIN NINGÚN TIPO DE CONTROL SANITARIO, CAMPAN AS SÚAS ANCHAS POR ONDE LLES VEN NA GANA, CA POSIBILIDADE DE QUE VAIAN TRANSMITINDO ENFERMIDADES A OUTRAS ESPECIES?

INCOHERENTE TAMÉN RESULTA, QUE @S GANDEIR@S NOS VEÑAN BUSCAR AS RESES MORTAS DA GRANXA PARA UNHA POSTERIOR INCINERACIÓN E DESPOIS SE NOS ACHEGUE O LOBO PARA COMER AS QUE ESTÁN VIVAS.

TRÁFICO-FOMENTO, ¿ ESTES ANIMAIS NON TEÑEN INCIDENCIA NA NOSA SEGURIDADE VIARIA?

RESULTA PARADÓXICO QUE SE REDUZA A VELOCIDADE MÁXIMA NAS ESTRADAS CONVENCIONAIS A 90KM/H POLA NOSA SEGURIDADE, SEGUNDO DIN, NEMBARGANTES, OS VAIADOS DAS AUTOVÍAS ESTÉN EN PÉSIMO ESTADO, PROVOCANDO A IRRUPCIÓN DE ANIMAIS COS

CONSECUENTES ACCIDENTES.

CONCELLO DE LUGO, DEPUTACIÓN , TEDES OS XABARÍNS POLA RONDA DA MURALLA, RONDA DO CARME, GARABOLOS, NACIONAL VI, FONTE DOS RANCHOS....¿TAMPOUCO VOS COMPETE?

XUNTA DE GALICIA, ¿TEÑEN QUE CHEGAR A SAN CAETANO PARA QUE MOVADES UN DEDO? O TURISMO É UNHA BOA FONTE DE INGRESOS PERO GALICIA É MÁIS QUE ESO; DISPOÑEMOS DE MOITOS RECURSOS PROPIOS PERO AS VOSAS POLÍTICAS FAN QUE OUTRAS EMPRESAS DE FÓRA VEÑAN EXPLOTARNOS.

COMO VEDES, O PROTOCOLO A SEGUIR POR PARTE DA ADMINISTRACIÓN É SEMPRE O MESMO, PRIMEIRO NEGASE O EVIDENTE E CANDO XA NON SE PODE ESCONDER MÁIS PORQUE O ASUNTO SE ESCAPA DAS MANS, ACTÚASE, EN VEZ DE ATALLALO A TEMPO.

VAMOS A POÑERVOS EN SITUACIÓN PARA QUE TOD@S POIDADES ENTENDELO E SAIBADES DO QUE FALAMOS.

A SIMPLE VISTA E SE NON PROFUNDIZAMOS MOITO MÁIS, O ÚNICO QUE VEMOS EN LUGO SON DESPERFECTOS NOS XARDÍNS; POR CERTO, NON VEMOS A NINGÚN ANIMALISTA NIN ECOLOXISTA ARRANXANDO NELES VOLUNTARIAMENTE, SEGUEO FACENDO A MESMA EMPRESA QUE ESTÁ CONTRATADA PARA ESTE SERVIZO E QUE PAGAMOS [TOD@S](#) DO NOSO PETO.

DECÍMOLO MÁIS QUE NADA, PORQUE É FACIL DEFENDER QUE QUEREDES UNHA CONVIVENCIA ÉTICA DA SOCIEDADE CA FAUNA SILVESTRE, CANDO ISTO NON VÓS SUPÓN NINGÚN TIPO DE GASTO PERSOAL NIN SUFRIDES DIRECTAMENTE OS DANOS QUE ESTES OCASIONAN

NÓS, @S [GANDEIR@S](#) E AGRICULTORES, LEVAMOS MOITOS ANOS DÁNDOLLES DE COMER GRATUITAMENTE (MOI Ó NOSO PESAR) E TÓDOLOS DANOS QUE ACARREARON, TIVEMOS QUE SUFRAGALOS DO NOSO PETO.

XA SABEMOS O QUE SE VOS PASA AGORA POLA CABEZA, “PERO S COBRADES SUBENCIÓNS POLOS DANOS, QUE TANTO VOS QUEIXADES!!!!!!”

ISTO É UNHA ARTIMAÑA POLÍTICA PARA QUE O SECTOR PRIMARIO TEÑA ESTA IMAXE DE CARA Ó CIDADÁN; FACENDO CRER Á XENTE DE A PÉ, QUE NON NOS FAI FALTA TRABALLAR PORQUE VIVIMOS DAS SUBENCIÓNS.

INDA QUE A FRASE É MOI SOCORRIDA,NO FONDO SABEMOS QUE NIN VÓS

MESM@S A CREEDES, DO CONTRARIO HABERÍA MÁIS INCORPORACIÓNS NO CAMPO E NON É O CASO; PARA @ QUE DUBIDE DISTO, NON TEN MÁIS QUE MONTAR A SÚA PROPIA GRANXA.

PARA QUE VOS FAGADES UNHA IDEA, 1650 EUROS É A CANTIDADE MÁXIMA QUE TI PODES PERCIBIR ESTE ANO, POLOS DANOS OCASIONADOS POLO XABARIL; CON ISTO APÁÑATE PARA REPRANTAR AS ZONAS AFECTADAS, AFRONTA A PÉRDA QUE VAS SUFRIR POLO ATRASO QUE VAI LEVAR ESE CULTIVO, LEMBRA QUE PARA O ANO, FACENDA VAI LEVAR A SÚA PARTE CANDO A DECLARES, O TEMPO PERDIDO E AS DORES DE CABEZA TAMÉN VALEN CARTOS.

A TODO ISTO, SÚMALLE A BUROCRACIA QUE CHE REQUIREN PARA SOLICITALA E NON TEÑAS PRESA POR COBRALA PORQUE ESTO VAI PARA LARGO.

PERO Ó QUE ÍAMOS, ESTÁBAMOS COS XARDINS DE LUGO, QUE PARA NÓS, ESTO SON PEQUENAS INCIDENCIAS COMPARADO COS PROBLEMAS QUE REALMENTE PODE ACARREAR UNHA SUPERPOBOACIÓN DE XABARIL QUE NON ESTEA CONTROLADA.

[MOIT@S](#) DE VÓS, TEDES MASCOTAS, E COMO BEN SABEDES, TEÑEN QUE TER UN CONTROL SANITARIO, QUE SI VACINAS, QUE SI DESPARASITACIÓN, MICROCHIP.....E QUE TIPO DE CONTROL SANITARIO SE LLE ESIXE Ó XABARIL?

CORRECTO O QUE ESTÁS PENSANDO, NINGÚN.

¿SABIAS QUE A SALMORELOSE, BRUCELOSE OU TOXOPLASMOSE SON ALGÚNS DOS PRINCIPAIS PERIGOS QUE O XABARIL LLE PODE TRANSMITIR Ó TEU CAN OU Ó TEU GATO, SIN NECESIDADE DE ESTAR EN CONTACTO DIRECTO CON EL?

O SIMPLE FEITO DE QUE O TEU CAN BEBA NO MESMO LUGAR ONDE ESTUVO BEBENDO UN XABARIL ENFERMO OU CANDO VAI FACER AS SUAS NECESIDADES, QUE ENTRE EN CONTACTO CAS HECES QUE DEIXOU, BASTAN PARA QUE AUMENTE A PROBABILIDADE DE TRANSMISIÓN DE ENFERMIDADES.

¿E QUE ME DIS, SI POR UN DESCOIDO, O TEU CAN SE CHE SOLTA CANDO O ESTAS A PASEAR E PROVOCA UN ACCIDENTE DE TRÁFICO??? MELLOR QUE NON O SAIBAS PERO SE “TE VA CAER EL PELO”.

SEN EMBARGO, O XABARIL LEVA CAUSADOS 1.180 ACCIDENTES DE TRÁFICO (COMO MÍNIMO, FALTARÍAN OS QUE NON ESTÁN REXISTRADOS) EN GALICIA O ANO PASADO E NON PASA NADA.

SABIADES QUE GALICIA OCUPA O SEGUNDO LUGAR DO PAÍS, EN CANTO ATROPELOS DE ANIMAIS SALVAXES.

IMAXINAMOS QUE HABERÁ QUE ESPERAR A QUE MORRAN VARIAS PERSOAS A CONSECUCENCIA DISTO, PARA QUE SE TOMEN MEDIDAS SERIAS.

@S [GANDEIR@S](#) SENTÍMONOS ESPECIALMENTE [SIDENTIFICA@D](#) CO TEMA DAS MASCOTAS, INDEPENDIENTEMENTE DO TIPO DE GANDO QUE TEÑAMOS, PORQUE ESTAMOS NO MESMO LUGAR CA VÓS.

O NOSO GANDO PASA CONTROIS DE SANEAMENTO, OS NIVEIS DE BIOSEGURIDADE CADA VEZ SON MAIORES, TEMOS QUE TOMAR MOITAS PRECAUCIÓNS Á HORA DE ADQUIRIR UN ANIMAL E LEVALO PARA A NOSA GRANXA, INCLUSO HAI XENTE QUE NON ARRISCA E LEVA ANOS SEN METER ANIMAIS PROCEDENTES DE OUTRAS GRANXAS ....TODO ESTO E MÁIS, PARA NON SUFRIR DEVASTADORAS CONSECUCENCIAS QUE PODERÍAN ACABAR PECHANDO A NOSA GRANXA.

E TODAS ESTAS ESIXENCIAS, PARA QUE DESPOIS O XABARIL POIDA CAMPAR ÁS SÚAS ANCHAS POLAS NOSAS FINCAS E TRANSMITA ENFERMEDADES Ó NOSO GANDO COMO TUBERCULOSE, PESTE PORCINA AFRICANA (ESTA ÚLTIMA XA ESISTENTE EN MOITOS PAÍSES DE EUROPA) .....A TRAVÉS DOS PASTOS OU DOS FORRAXES QUE COMEN.

SI ATA AGORA VIMOS, COMO O XABARIL ERA UN GRAN TRASMISOR DE ENFERMEDADES A OUTRAS ESPECIES ANIMAIS, NON MENOS IMPORTANTE É O IMPACTO QUE PODE CAUSAR NAS PERSOAS.

ENCEFALITIS XAPONESA, HEPATITE E TRIQUINOSE OU FEBRE HEMORRÁXICA DE CRIMEA SON AGUNHAS DAS INFECCIÓNS QUE OS XABARÍNS NOS PODEN TRANSMITIR ÓS HUMANOS.

POR TODO ISTO E MÁIS, A NÓS, O XABARIL MÁIS QUE GRACIA, CAUSANOS ESTUPOR E DOR DE CABEZA, ESCOITANDO A [VETERINARI@S](#) QUE DIN QUE EN GALICIA HAI 6.000 FEMIAS FÉRTILES E QUE CADA UNHA DELAS TEN UNHA MEDIA DE SEIS CRÍAS Ó ANO, BOTÁDELLE OS CÁLCULOS.

DENDE AGROMURALLA, CONSIDERAMOS QUE A FAUNA SILVESTRE DEBE EXISTIR PORQUE FORMA PARTE DO ECOSISTEMA E COMO TAL, TAMÉN TEÑEN FUNCIÓNS QUE CUMPRIR PERO NUNCA DESTA MANEIRA DESCONTROLADA, DESORGANIZADA E MASIVA.

O SEU HÁBITAT É O MONTE, O SEU LUGAR NON ESTÁ NAS ESTRADAS, NIN NAS NOSAS FINCAS, NIN NO ASFALTO DAS CIDADES.

A ESTAS ALTURAS, @S POLÍTIC@S INDA ESTÁN PENSANDO NAS MEDIDAS A TOMAR, CANDO FAI TEMPO XA QUE DEBERÍAN TER ACTUADO PARA REDUCIR O IMPACTO QUE ESTÁ CAUSANDO NOS ACCIDENTES DE TRÁFICO, NA AGRICULTURA E GANDEIRÍA, NA SAÚDE DO RESTO DE ANIMAIS, NO PERIGO QUE CONLEVA A ESPECIES PROTEXIDAS E NO PROPIO SER HUMANO.